


Concello de Burela

NOTIFICACION



Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día vinteseis de abril do dous mil dez, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

3.- AUTORIZACIÓNS E LICENZAS.-

3º.6.- SOLICITUDE DE PRÓRROGA DA OBRA PARA A EXECUCIÓN DUN EDIFICIO PARA 25 VIVENDAS, TRASTEIROS E GARAXES, COMPOSTO DE SÓTANO, PLANTA BAIXA, CATRO PLANTAS ALTAS E BAIXO CUBERTA, NA RÚA DA LAMESTRA ESQUINA RÚA CASTELAO, EN BURELA, INSTADA POR DON JUAN ANTONIO RODRIGUEZ RODRIGUEZ, CON D.N.I. Nº 76.565.988-T, EN REPRESENTACIÓN DE CONSTRUCCIONES OS MOLINEROS, S.L., CON C.I.F. B-27296011, E CON ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN NA RÚA PARDO BAZÁN Nº 12, EN BURELA.-

Visto o escrito presentado en data 16/04/2010 por Don Juan Antonio Rodríguez Rodríguez, en representación de Construcciones Os Molineros, S.L., con C.I.F. B-27296011, solicitando prórroga da licenza de obras concedida na Xunta de Goberno Local de data 27/03/2007, para levar a cabo as obras de construción dun edificio para 25 vivendas, trasteiros e garaxes, composto de sótano, planta baixa, catro plantas altas e baixo cuberta, na Rúa da Lamestra esquina coa Rúa Castelao, en Burela.

Visto o informe favorable do arquitecto técnico municipal, de data 21/04/2010.
Vista a proposta da Alcaldía de data 22/04/2010.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade de todos os membros presentes, e en votación ordinaria, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Outorgar a Don Juan Antonio Rodríguez Rodríguez, en representación de Construcciones Os Molineros, S.L., con C.I.F. B-27296011, unha prórroga da licenza concedida na Xunta de Goberno Local de data 27/03/2007, sen que este novo prazo poida superar o inicialmente acordado, isto é, tres anos.

SEGUNDO: Dar traslado do presente acordo ó interesado, e ó Pleno corporativo, na primeira sesión ordinaria que se celebre.

O que se notifica, para o seu coñecemento e efectos, coa salvedade prevista no artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, facéndolle saber que contra a presente Resolución poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN con carácter potestativo de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no prazo dun mes, diante do mesmo órgano que a dictou ou proceder a súa impugnación directa ante o Orde Xurisdiccional Contencioso- Administrativo interpoñendo RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, ante o Xulgado do Contencioso de Lugo, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativo, no prazo de 2 meses, contados dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación, sen prexuízo do exercicio de calquera outro recurso que estime oportuno.

Burela, 27 de abril do 2010

A Secretaria

Asdo. Alejandra Pardo Vázquez,

CONSTRUCCIONES OS MOLINEROS, S.L. RÚA PARDO BAZÁN Nº 12, EN BURELA.-